

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

## **Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 10/16**

**Data 27-09-2016**

***Acta anterior 15-09-2016***

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

-D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

Concelleiros non asisten:

D<sup>a</sup> María del Carmen Torreiro Cotos

Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 10/2016

### Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e sete de setembro de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e un minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai inicialmente 1 cidadá presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

#### **1.- Aprobación de actas anteriores (00' 30")**

A continuación o alcalde informa das actas do pleno remitidas para a súa aprobación dende as últimas presentadas, quedando aprobadas por unanimidade dos asistentes as actas nº 5 (sorteo), 6, 7, 8 (sorteo) e 9 (sorteo).

A continuación a concelleira do BNG Marta García Sánchez, pregunta, con autorización do alcalde, cal é o quórum para a validez das sesións, aclarando que non é que teñan problemas, simplemente por sabelo, contestando o secretario de orde do alcalde, que, neste concello, ten que haber un mínimo de tres membros da corporación, segundo o ROF.

*(O ROF a que se refire o secretario, di: Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Artigo 90*

*1. Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da Corporación ou de quen legalmente os substitúan.*

*2. Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois. Se tampouco entón se alcanzase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospondo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinario ou extraordinaria.)*

#### **2.- Toma de posesión, no seu caso, do novo concelleiro Javier Freire Vázquez. Credencial recibida o día 21-09-2016, depositada na secretaría**

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

## **do concello.** (03' 48'')

A continuación o alcalde dá conta de que se ten recibido a credencia de novo concelleiro de Javier Freire Vázquez, para a súa toma de posesión pero que non o ve na sala. Pregunta ao secretario se se pode tomar posesión sen estar presente. O secretario responde que non, pois para tomar posesión como concelleiro tería que xurar ou prometer o cargo, previa declaración de intereses e actividades.

A continuación informa de que tanto Javier Freire Vázquez como a seguinte na lista presentada ás eleccións municipais pola lista do partido BNG, Mónica Mahía Gómez teñen presentado a súa renuncia ao cargo de concelleiro/a no rexistro de entrada de data de hoxe. Entende que o pleno debe de tomar coñecemento, tanto da expedición da credencial como das renunciacións e remitir ambas, recibidas antes da posesión, á Xunta electoral central aos efectos oportunos.

Á vista do anterior o pleno do concello toma coñecemento da renuncia presentada por ambos os dous candidatos do BNG.

## **3.- Aprobación no seu caso da Conta xeral de 2015.** (05' 50'')

O alcalde comenta que é obrigatorio presentar a conta xeral para a súa aprobación nuns determinados prazos e aprobala e presentala ao Consello de contas antes do 15-10-2016. Recalca o carácter rigorista da conta, que é o mesmo para os concellos de gran como os de pequena poboación e procede a descrición dos documentos que a compoñen indicando que a Conta xeral está informada favorablemente pola Comisión de contas o 16 de agosto e foi exposta ao público sen que se presentaran alegacións.

Sendo as 7' 51" toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, como portavoz do BNG, quen di que non ten moito máis que dicir có xa dito en moitas outras ocasións, que son as vosas contas e non estamos de acordo con elas. A débeda volveu a medrar outra vez

Sendo as 8' 19" toma a palabra de novo o alcalde indicando que esta si a Conta xeral do concello. Sobre a débeda opina que estudados os datos de varios exercicios non se observan máis variación que as estacionarias derivadas de subvencións pendentes de recibir que uns exercicios son maiores e outros menores. Recalca que non houbo alegacións no prazo establecido ao efecto e propón o inicio da votación.

Sendo as 09' 18" toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, como portavoz do BNG, quen indica que as observacións do BNG están recollidas repetidamente nas actas tanto do pleno como da Comisión de contas, iniciándose un breve debate, no que o alcalde insiste en que non período de alegacións non se presentaron e que se acaba centrando na evolución da débeda, con interpretacións diferentes dos datos obtidos das estatísticas oficias sobre a mesma

Finalmente, sendo as 12' 40" sométese a votación e por cinco votos a favor (PP) e dous en contra (BNG), de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local acórdase:

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

**Primeiro.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015.

**Segundo.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e máis do Tribunal de Contas.

## **4.- Inicio do expediente de contratación da obra “Ampliación da rede de abastecemento en San Vincenzo de Curtis” por procedemento aberto, varios criterios de valoración (13' 00”)**

O alcalde informa ao pleno de que o expediente de contratación desta obra ten que ser iniciado polo pleno do concello por tratarse dunha obra que supera o 10% do orzamento municipal.

Informa igualmente que, por tratarse dunha obra subvencionada pola deputación provincial, hai que utilizar os pregos aprobadas pola mesma. Propón que, dado o importe da obra, sexa por concurso aberto e varios criterios de valoración.

A continuación fai unha descrición da obra, que pretende levar a rede de distribución á totalidade da parroquia de San Vincenzo de Curtis.

Sendo as 15' 03” toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, como portavoz do BNG, quen indica que realmente apenas tiveron tempo de ver o proxecto, indicando que lles gustaría velo outro día, ao que accede ao alcalde. Pregunta se é certo, como parece, que xa hai algunhas parroquias con servizo, contestando o alcalde que, cando se fixo a obra do depósito xa se incluíu a rede ata Santa Mariña, a nova obra comezaría a partir de aí, neste momento non hai ningún lugar da parroquia con servizo, de feito a captación estase realizando agora mesmo.

A continuación José A. Cotos Seoane pregunta se non sería posíbel facer a obra sen necesidade de bombeo, contestando o alcalde que non é factíbel e que para servir a tres lugares da parroquia é necesario utilizar un sistema de compresión nunha especie de depósito secundario, de forma que entra auga nel e a medida que hai consumo baleirase por compresión, non é bombeo. Os lugares de Xemerás e Lavandeira son os máis altos da parroquia, non hai outro xeito.

A continuación José A. Cotos Seoane pregunta polo depósito que había que retranquear, contestándolle o alcalde que o punto que se está a tratar hoxe non ten nada que ver coa pregunta e José A. Cotos Seoane retira a pregunta, contestando sen embargo o alcalde que están estudando orzamentos para ver o que custaría o retranqueo.

Sometido o expediente a votación resulta aprobado por unanimidade dos asistentes, adoptándose en consecuencia os seguintes acordos:

-Aprobar o proxecto da obra de “Ampliación da rede de abastecemento en San Vincenzo de Curtis” redactado por Manuel Barredo Pérez, cun orzamento de 423.259,28 €, IVE: 88.884,45 €, e importe total de 512.143,73 €.

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e a composición da mesa de contratación.

-Aprobar o inicio do expediente de contratación, por procedemento aberto con varios criterios de valoración e tramitación de urxencia.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e vinte e dous minutos (duración de 21'45"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.